
ALMANAQUE MUSICAL

Texto de ANTONIO RUBIO

Ilustracións de DAVID PINTOR

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Encadernado en cartonné. 18,5 x 27 cm. 32 páx. 13 €.

Almanaque musical (galego)

ISBN 978-84-8464-776-8. Fóra de colección.

Almanaque musical (castelán)

ISBN 978-84-92608-47-8. Fóra de colección.

Violíns e violas

van deixando notas


nun branco xaneiro:

que fermosa alfombra!

“Almanaque musical” contén doce poemas, un para cada mes do ano, nos que o fío condutor é a música clásica, cos intérpretes dunha peculiar orquestra de instrumentos de corda. Os versos de Antonio Rubio evocan o tempo, o pentagrama, a batuta, a ritmo de valse e alalá, sinfonía, tocata e romaría.

Cos seus inseparables violíns, violas e violonchelos, e elegantemente conxuntados, os músicos que retrata David Pintor adoptan posicións e situacións divertidas, fóra do habitual contexto dunha sala de concertos. Uns de aparencia humana e outros do reino animal, forman un grupo fantástico que para si quixeran os mellores compositores.

O álbum complétase cunha relación escrita de pezas de Vivaldi, Bach, Mozart, Beethoven, Mendelssohn, Brahms, Chaikovski, Sibelius, Prokofiev, Alban Berg, Béla Bartók, Boccherini, Haydn e Dvorak, que conforman o repertorio ideal para amenizar a lectura poética e visual.



- **Temática:** un poema ilustrado de temática musical, para cada mes do ano.
- **Idade recomendada:** a partir de 7 anos.
- **Aspectos destacables:** do autor de “A merliña”, “O poliño da abeieira” e da colección “Do berce á lúa”; do autor de “Compostela” e ilustrador de “Hércules e Crunia”, “Contos para nenos que dormen deseguida” e “Minimalario” (en castelán); contén unha lista de suxerencias musicais para escoitar.

Antonio Rubio

(El Puente del Arzobispo, Toledo, 1953)

Poeta e mestre, bibliófilo e amante do alfabeto, como el mesmo se define. Estudou Maxisterio e actualmente exerce a súa tarefa pedagóxica en Plasencia, compaxinando a súa profesión coa literatura, as actividades de animación á lectura e as colaboracións en medios de comunicación.

David Pintor

(A Coruña, 1975)

Humorista gráfico, ilustrador e pintor. Dende 1993 pertence a Pinto&Chinto, que publican as súas viñetas en La Voz de Galicia. En 2011 foi finalista dos CJ Picture Book Awards e incluído na lista The White Ravens; seleccionado para expoñer en varias edicións da Bienal de Ilustración de Bratislava e da Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña. Recibiu, entre outros, o premio da Society of News Design, o Premio Pura e Dora Vázquez de ilustración, o Premio Internacional Clermont-Ferrand de cadernos de viaxe, e o Premio Ilustrador do Ano Città del Sol.
<http://davidpintor.blogspot.com/>

www. **kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com
